

Procedemento de avaliacións de riscos

1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto deste documento é establecer a sistemática para a planificación e realización da identificación de perigos, avaliación e control de riscos laborais nos centros de traballo dependentes da Administración xeral da Xunta de Galicia.

2. Definicións

Avaliación de riscos: proceso dirixido a estimar a magnitude daqueles riscos que non se puidesen evitar, obtendo a información precisa para que o empresario estea en condicións de tomar unha decisión apropiada sobre a necesidade de adoptar medidas preventivas e, chegando o caso, sobre o tipo de medidas que se deben adoptar.

Centro de traballo: calquera área, edificada ou non, en que o persoal traballador teña que permanecer ou a que deba acceder por razón do seu traballo e que se localiza por un enderezo postal único e determinado.

Identificación de perigo: proceso mediante o que se recoñece que existe un perigo e se definen as súas características.

Perigo: un foco ou unha situación cun potencial capaz de danar en termos de lesión humana, enfermidade, dano á propiedade, o contorno do lugar de traballo ou unha combinación destes.

Probabilidade: posibilidade ou frecuencia de que se materialice un perigo.

Risco: combinación da severidade e probabilidade que poidan derivar da materialización dun perigo.

Risco laboral: a posibilidade de que un traballador ou traballadora sufra un determinado dano derivado do traballo.

Severidade: consecuencia, en termos de gravidade, que normalmente se espera cando se materializa un perigo.

3. Desenvolvemento

Planificación e programación das visitas para a avaliación de riscos.

Na programación anual do Servizo de Prevención de Riscos Laborais estableceranse os centros de traballo que deban ser avaliados, priorizando en función dos seguintes criterios:

- Magnitude dos riscos e persoal exposto.
- Datos de sinistralidade.
- Datos da vixilancia da saúde.
- Perigosidade dos equipamentos.
- Antigüidade da avaliación.
- Calquera outro que se considere.

Ademais dos criterios anteriormente expostos, poderán valorarse as peticións feitas polos responsables dos centros de traballo, polos delegados de prevención e polos comités de seguridade e saúde laboral.

A programación anual será sometida a consulta e participación no seo do Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais establecerá un calendario de visitas para a realización das avaliacións de risco. As visitas serán comunicadas a cada responsable do centro de traballo e as delegadas e delegados de prevención con antelación suficiente.

Identificación dos postos de traballo

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais partirá da información contida na relación de postos de traballo (RPT) da Función Pública e da Administración de Xustiza, da que se nutre a base de datos da aplicación informática de xestión da prevención de riscos laborais.

As características dos postos definiranse tendo en conta tamén, con carácter xeral, a natureza da actividade, e as do persoal traballador que deban desempeñalo.

A persoa responsable do centro de traballo verificará e contrastará os datos anteriores e, de ser o caso, facilitará os datos precisos do centro e a relación de postos de traballo.

Identificaranse tamén os equipamentos de traballo, as substancias ou preparados químicos, e o acondicionamento dos lugares de traballo.

Para tales efectos, as persoas responsables dos distintos centros de traballo facilitarán aos técnicos avaliadores a información e documentación que se requira no momento da realización da avaliación de riscos relativa ás instalacións, equipamentos, produtos, materiais, actividade e organización do traballo.

Identificaranse, así mesmo, aqueles postos de traballo que pola súa natureza ou polos seus riscos intrínsecos, non poidan ser desempeñados por unha traballadora embarazada. De igual xeito, identificaranse aqueles que non poidan ser desempeñados por unha muller en período de lactación.

No seguinte enderezo de intranet da Xunta de Galicia, <http://webriscos.xunta.es>, atópanse o modelo de enquisas para a recollida de información previa á avaliación de riscos, a través da que poderá ser consultado o persoal traballador. Unha vez cuberto, remitirase a ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, a través do correo electrónico prevencion.riscos.laborais@xunta.es ou por calquera outro medio que se considere oportuno. Os membros do Servizo de Prevención teñen o deber de sxiло profesional.

Realización das avaliación de riscos

O persoal que realice a avaliación de riscos terá a cualificación requirida no capítulo VI do R.D. 39/1997, regulamento dos servizos de prevención.

No proceso de toma de datos e identificación de riscos poderán estar presentes as delegadas e delegados de prevención, que poderán efectuar propostas, suxestións e indicacións que consideren oportunas.

Para a redacción dos documentos de avaliación de riscos utilizarase o método «guía de avaliación de riscos laborais», editado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo, segundo a guía do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo. O método baséase nunha secuencia de 3 fases que son:

- Identificación de riscos
- Avaliación de riscos e Plan de acción
- Comunicación do resultado das avaliacións

A Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá o documento de avaliación de risco de cada departamento ou centro de traballo a través da secretaria xeral correspondente.

As avaliacións deberán permanecer en cada centro de traballo á disposición da autoridade laboral e sometelas a consulta e participación no seo do comité de seguridade e saúde laboral polos delegados de prevención e representantes da Administración.

O documento de avaliación de riscos contén a valoración de cada un dos riscos de cada posto de traballo (avaliación de riscos) así como as medidas preventivas correspondentes (plan de acción).

As persoas responsables dos distintos centros de traballo impulsarán o establecemento das medidas preventivas contidas na avaliación de riscos e no plan de acción sen prexuízo de sometelas ao comité de seguridade e saúde correspondente para a súa consulta e participación.

Así mesmo, promoverán a cultura de información ao persoal traballador, instando a consultar a páxina web da Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Servizo de Prevención de Riscos Laborais).

Os membros dos comités de seguridade e saúde laboral realizarán o seguimento dos plans de acción mediante a consulta e participación no seo do respectivo comité de seguridade e saúde laboral.

Actualizacións das avaliacións

A avaliación de riscos será actualizada cando cambien as condicións de traballo e, en todo caso, será sometida a consideracións e revisarse, se así for necesario, con ocasión de danos para a saúde derivados do traballo tanto se fose por accidente como por enfermidade laboral.

5. Assignación de competencias

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

- Elaborar a planificación e programación das avaliacións de risco.
- Comunicar aos responsables dos centros de traballo e ás delegadas e delegados de prevención os calendarios de visitas para a realización das avaliacións.
- Solicitar a información e documentación que poida ser de interese para as avaliacións de risco.
- Elaborar os documentos de avaliación de riscos e plan de acción.
- Arquivar e custodiar as avaliacións e documentación xerada. Enviar unha copia a cada responsable do centro de traballo correspondente.
- Elaborar as avaliacións de riscos.
- Propoñer as accións preventivas que se van tomar.
- Elaborar e por á disposición a través da web a información para previr os riscos inherentes ás distintas actividades desenvolvidas.

Persoa responsable do centro de traballo

- Facilitar ao Servizo de Prevención as diversas localizacións do persoal traballador do seu departamento con expresión do enderezo postal.
- Facilitar a información e documentación relativa a substancias ou preparados químicos e calquera outra que poida ser de interese para a avaliación de riscos.
- Informar ao persoal traballador da existencia do modelo de enquisa de recollida de información previa para a realización das avaliación de riscos. As enquisas atópanse no seguinte enderezo da intranet da Xunta de Galicia <http://www.xunta.es/prevencion-de-riscos-laborais>

- Achegar ao Servizo de Prevención as «enquisas» de recollida de información previa para a realización das avaliación de riscos cando o persoal traballador non a enviase previamente por correo electrónico.
- Acompañar os técnicos do Servizo de Prevención, ou designar persoa que os represente, nas visitas de avaliación.
- Analizar as accións propostas na avaliación de riscos e no plan de acción e impulsar a súa execución. Favorecer a cultura da información sobre riscos laborais invitando ao persoal a acceder á documentación e información contida na páxina web <http://www.xunta.es/prevencion-de-riscos-laborais>
- Darlle traslado das avaliacións de risco, aos delegados/as de prevención, para a súa consulta e participación, no seo do comité correspondente.
- Manter o documento no centro de traballo á disposición da autoridade laboral.

Comité de seguridade e saúde laboral intercentros

- Consulta e participación sobre a programación anual.
- Comité de seguridade e saúde laboral.
- Consulta e participación sobre o control e seguimento das avaliacións de risco e plan de acción.

Delegadas e delegados de prevención

- Acompañar os técnicos nas visitas de avaliacións de risco.
- Facer propostas, suxestións e indicacións no momento da toma de datos para a realización das avaliacións de risco.
- Consulta e participación no seo do comité das avaliacións de risco e do plan de acción.

Persoal traballador

O persoal traballador ten a obriga de coñecer os riscos e a información das medidas preventivas inherentes ao seu posto de traballo. No seguinte enderezo da intranet da Xunta de Galicia, <http://www.xunta.es/prevencion-de-riscos-laborais>, atópase información pormenorizada para o coñecemento dos riscos máis usuais na Administración xeral da Xunta de Galicia. Esta obriga devén en terse por enterada/o dos riscos inherentes aos postos de traballo na Administración, ben que poderá solicitar ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais calquera outra que considere complementaria para salvagardar a seguridade e saúde no desempeño das súas tarefas.